



ASOCIACIÓN
COLECTIVO
FOTOGRAFICO
ABRENOITE


catroventos
EDITORA

**Miguel
Fotógrafo**
Urzáiz, 184 (Galerías Calvario)

BASES

I Certame Fotográfico Mostra do Posible

1.- Participantes: Poderán concorrer a este certame fotográfico todas as persoas que o desexen, sexan profesionais ou afeccionados, sempre que os seus traballos axústense ás bases do mesmo. Establécense dúas categorías:

A.- Categoría Senior, para maiores de 18 anos.

B.- Categoría Xuvenil, para menores de 18 anos.

2.- Tema: a temática e “A miña visión persoal da Mostra do Posible´18”

As imaxes deberán reflexar calquer aspecto da feira de mostras ou das diversas actividades que alí se farán.

As fotografías se farán os días 6 e 7 de outubro de 2018 na localidade de Cangas.

3.- Formato: Cada participante poderá presentar un **máximo de cinco fotografías** en formato dixital independentemente da forma en que foran tomadas, tanto en cor como en branco e negro e cun tamaño mínimo de 10x15 cm. E calidade mínima de 240 ppi. Deberán estar renombradas cun título e as iniciais da autora ou autor.

4.- Condicións de uso.

Os dereitos morais das fotografías son intransferibles e irrenunciabes. Tal e como establece o artigo 1 de la LPI (Lei de Propiedad Intelectual), “A propiedade intelectual dunha obra literaria, artística ou científica correspóndelle o autor polo só feito de súa creación”

Tendo isto en conta @s participantes do concurso, ceden as súas fotografías presentadas a este concurso para utilizarse para o desenvolvemento e promoción do propio evento da Mostra do Posible nesta edición e seguintes. Polo tanto a organización convocante non adquire ningún dereito sobre as fotografías, soamente unha cesión voluntaria do autor ou autora.

Calquera uso que se faga coas fotografías, gañadoras ou non, deberá ir sempre acompañado do nome do autor nun lugar visible

Premios: Establécense dous premios por cada categoría

Categoría Senior

Primeiro premio: Curso de Fotografía impartido polo Colectivo Abrenoite de Cangas e lote de libros de Catro Ventos Editora.

Segundo Premio: lote de libros de Catro Ventos Editora.

Categoría Xuvenil:

Primeiro premio: Vale de 50€ para adquisición de material fotográfico na tenda Miguel Fotógrafo (Urzáiz, 184 -Galerías Calvario) en Vigo e lote de libros de temática xuvenil de Catro Ventos Editora.

Segundo Premio: Lote de libros de temática xuvenil de Catro Ventos Editora.

Xurado

Estará formado por membros da Colectivo Fotográfico Abrenoite de Cangas e da organización da Mostra do Posible.

Envío das fotografías

O mail oficial da Mostra do Posible: mostradoposible@gmail.com

No corpo do mail indicárase, o nome e apelidos da participante e categoría na que participa. Tamén adxuntárase a ficha de inscrición cuberta anexa a estas bases.

Data límite de admisión das obras

14 de Outubro de 2018

Entrega de premios

Levarase a cabo antes da finalización do mes de outubro, no lugar que estime a organización máis oportuno.

FICHA DE INSCRICIÓN

I CERTAME FOTOGRÁFICO MOSTRA DO POSIBLE

NOME DA/O PARTICIPANTE:

APELIDOS:

DATA DE NACEMENTO:

DIRECCIÓN POSTAL:

CÓDIGO POSTAL:

MAIL:

TELÉFONO:

Cedo as miñas fotografías presentadas a o **I CERTAME FOTOGRÁFICO MOSTRA DO POSIBLE** para utilizarse UNICAMENTE para o desenvolvemento e promoción do propio evento da Mostra do Posible nesta edición e seguintes.

SI, AS CEDO VOLUNTARIAMENTE

NON

Sinatura

Calquera uso que se faga coas fotografías, gañadoras ou non, deberán sempre acompañadas do nome do autor ou autora nun lugar visible.